

## DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

- **ANEXO 1 ED330B debidamente cuberto**
  
- **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**  
Para o alumnado de Educación Primaria e E.S.O.
  - a) **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.
  
  - b) **Copia do libro de familia** onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2020, poderán acreditar o número de membros utilizando entre outros:
    - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia.
    - Certificado ou volante de convivencia.
    - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
  
  - c) Certificado acreditativo do **grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
  
  - d) **Violencia de xénero**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2020, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.